



OBRADOIRO DE MARKETING ONLINE

10.10.2017

16.30 - 18.30 H

ANTIGO
HOSPICIO



ferrolterra

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS

Punta Arnela, s/n · Edif. Usos Múltiples, 2º · 15405 Ferrol
T: 981 333 305 · F: 981 333 302 · info@empresarios-ferrolterra.org
www.empresarios-ferrolterra.org



COLABORA



ferrolterra

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS

*Aberto ao público

OBXECTIVOS

- Dar unha visión global sobre que é unha estratexia dixital, e cales son as claves para que teña éxito.
- Analizar, xunto ao seu responsable, un caso de éxito co uso das ferramentas online.
- Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos comerciais e da hostalaría, especialmente no relacionado coas novas tecnoloxías, contando con relatores de referencia no eido do márketing e as TICs.

ACTIVIDADES

a) Charla: “Claves para que unha PEME teña unha boa estratexia dixital”

Relator: Dani Cerqueiro. *Estratega de márketing dixital.*

Estudou Físicas en Santiago de Compostela e rematou o doutoramento en Modelización Numérica da oleaxe en Ourense, na Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo. Fundou e dirixiu, en Corcubión, Galinus Taller de Novos Medios. Desenvolve moitas actividades relacionadas con internet e as TICs, é tamén un dos socios promotores de Phottic, realiza os labores de CMO de Enxendra e participa en accións formativas relacionadas coas TICs e o márketing online, como por exemplo:

- Profesor do Máster de Comunicación e Medios Sociais da Universidade de Santiago de Compostela.
- Profesor de IFFE Escola de Negocios.
- Mentor de Campus Emprendedores.

Colabora habitualmente coas seguintes Asociacións: Startup.gal, Laconnetwork, Clúster TIC de Galicia, AGAL, Intermón Oxfam.

b) Caso de éxito de uso das ferramentas dixitais

Entrevista guiada por Dani Cerqueiro ao responsable de *Mercería Sarabia* de Vigo, unha tenda de barrio que, a través da venda en internet e o uso das redes, converteuse no segundo vendedor de produtos de mercería online de España.

c) Coloquio

Os asistentes poderán consultar as dúbidas que teñan sobre o que se fale durante a xornada e establecer diálogo aberto sobre os temas de máis interese.

PARTICIPACIÓN

O evento diríxese aos sectores do comercio e da hostalaría, pero está aberto ao público interesado en xeral.

Inscrición previa en info@empresarios-ferrolterra.org ou no teléfono **981 33 33 05**.

PROGRAMA

16.30 a 16.45h

Recepción dos asistentes e entrega de documentación.

16.45 a 17.30h

Charla

‘Claves para que unha PEME teña unha boa Estratexia Dixital’.

17.30 a 18.00h

Caso de éxito de uso das ferramentas dixitais.

18.00 a 18.30h

Coloquio e clausura do obradoiro.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Antigo Hospicio

Rúa Méndez Núñez, 11

15401 Ferrol